

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Proxecto de Orde do ## de ##### de 2024 pola que se modifica a Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio.

Mediante a Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do 30 de decembro de 1993 (DOG do 18.01.1994) recoñeceuse, con base na normativa española daquel momento, a denominación específica “*Ternera Gallega*” e nomeouse o seu consello regulador provisional. Logo, mediante a Orde do 3 de novembro de 1994 da mesma consellería, aprobouse o seu primeiro regulamento (DOG do 21.11.1994).

Posteriormente, unha vez que se fixo unha regulación a nivel europeo sobre as denominacións de orixe protexidas (DOP) e as indicacións xeográficas protexidas (IXP), *Ternera Gallega* inscribiuse no rexistro europeo das DOP e IXP alimentarias mediante o Regulamento (CE) 2400/96, da Comisión, do 17 de decembro de 1996 (DOCE 18.12.1996), de xeito que foi unha das primeiras indicacións xeográficas inscritas no dito rexistro.

Nos anos posteriores, a IXP *Ternera Gallega* tivo unha evolución moi positiva, ata converterse no referente estatal no que a carnes de vacún de calidade se refire, de xeito que o produto certificado acadou no ano 2022 un valor no mercado próximo aos 140 millóns de euros, o que representa máis do 58% do valor das carnes de vacún con indicación xeográfica de España.

O Consello Regulador da IXP *Ternera Gallega*, no seu papel de liderado do sector da carne de vacún en Galicia, promoveu nos últimos anos a inscrición dunha nova indicación xeográfica protexida que servise para dar valor á carne procedente do vacún maior, vacas e bois, xa que a certificación baixo a denominación *Ternera Gallega* non é aplicable á carne destes animais.

A tramitación da inscrición desta nova indicación xeográfica iniciouse propoñendo como nome *Vaca e Boi de Galicia / Vaca y Buey de Galicia* e con esa denominación remitiuse o expediente inicial á Comisión Europea. Por outra parte, de acordo coa normativa comunitaria sobre denominacións de orixe e indicacións xeográficas do ámbito alimentario, unha vez rematados os trámites no Estado membro e recibido o expediente de rexistro pola Comisión Europea, as autoridades nacionais poden dar

unha protección transitoria á denominación no mercado dese Estado membro mentres non se completa a tramitación a nivel da Unión para acadar unha protección en todo o territorio desta. Con base nisto aprobouse a Orde da Consellería do Medio Rural do 19 de xuño de 2017, pola que se concede a protección nacional transitoria á indicación xeográfica protexida *Vaca e Boi de Galicia / Vaca y Buey de Galicia*, orde que se publicou no DOG do 30.06.2017 e no BOE do 1.07.2017.

A xestión desta nova indicación xeográfica protexida encargóuselle á entidade promotora, o Consello Regulador da IXP *Ternera Gallega*, para o que se aprobou a Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia / Vaca y Buey de Galicia* e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio, que se publicou no mesmo DOG do 30.06.2017 no que se publicara a orde coa citada protección nacional transitoria. Este novo regulamento cambiou a designación do consello regulador, que mudou o nome a Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia, entidade que pasou a xestionar as dúas indicacións xeográficas protexidas.

Porén, no proceso de tramitación ante a Comisión Europea do rexistro da nova indicación xeográfica, houbo dificultades técnicas para que a denominación a inscribir fose «*Vaca e Boi de Galicia / Vaca y Buey de Galicia*», polo que durante este proceso de tramitación houbo que cambiar esa denominación e substituíla por «*Vaca Gallega - Buey Gallego*». Coherentemente con isto, houbo que modificar tamén a orde pola que se daba a protección nacional transitoria para que esta protección transitoria fose para esta última denominación, o que se fixo mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 5 de xuño de 2018 (DOG do 12.06.2018 e BOE do 9.07.2018). Finalmente, a indicación xeográfica protexida «*Vaca Gallega - Buey Gallego*» inscribiuse no rexistro europeo mediante o Regulamento de Execución (UE) 2022/1861 da Comisión, do 29 de setembro de 2022 (DOUE 06.10.2022).

A citada orde do 23.06.2017 pola que se aproba o regulamento destas dúas indicacións xeográficas e do seu consello regulador común, que ten multitude de referencias á denominación «*Vaca e Boi de Galicia / Vaca y Buey de Galicia*», nunca foi modificada para corrixir esta incoherencia, sendo este un dos obxectivos desta disposición.

Por outra parte, a nova denominación coa que o consello regulador vén operando no mercado non ten arraigado entre a cidadanía. As persoas consumidoras e as entidades operadoras no mercado seguen a identificar o consello regulador coa indicación xeográfica principal, *Ternera Gallega*, que na denominación actual deste

organismo non está presente. Por iso, o pleno do Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia, na súa sesión do día 28.09.2023, acordou solicitar a modificación do dito regulamento para que a denominación do consello regulador pasase a ser «Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca Gallega-Buey Gallego*». Esta modificación é o outro obxectivo desta orde.

Segundo o anterior, tras a proposta do consello regulador e de acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio.*

Un. O título, a parte expositiva e o artigo 1 da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia* e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio, quedan modificados no sentido de substituír as expresións «*Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia*» e «*Vaca e Boi de Galicia*» por «*Vaca Gallega - Buey Gallego*».

Dous. No anexo da Orde do 23 de xuño de 2017, que contén o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca e Boi de Galicia* e do seu consello regulador común, Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia, modifícanse: o título do dito anexo, o título do seu capítulo III, o título do seu anexo no que figuran os logotipos das dúas indicacións xeográficas e os artigos 1; 2.1 e 4; 3; 4; 24; 25; 26.5; 29.6; 31; 34.3; 35.2; 36.2; 37.2; 38.2 e 4; 39.1; 40; 41.3; 42; 43.1; 46; 47.1; 48.1 e 2; 49.1; 50.1, 4 e 9; 51.2 e 4; 52.1 e 2; 54.1; 55.1; 59.4 e 5; 60.1; 61.2; 62.1, 5 e 6; 63.1 e 4; 64.1; 65.2; 66; 68; 69 e 80; no sentido de substituír a expresión «*Vaca e Boi de Galicia*» por «*Vaca Gallega - Buey Gallego*».

Tres. Modifícase o anexo ao Regulamento das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca e Boi de Galicia* e do seu consello regulador común para substituír o logotipo desta última indicación xeográfica protexida polo que figura como

anexo desta orde, mantendo a vixencia do outro logotipo, referido á indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega*.

Catro. A parte expositiva e os artigos 1 e 2 da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia* e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio, modifícanse no sentido de substituír a expresión «*Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia*» por «*Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca Gallega - Buey Gallego*».

Cinco. Modifícase o anexo da Orde do 23 de xuño de 2017, que contén o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca e Boi de Galicia* e do seu consello regulador común, Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia, de xeito que tanto no seu título como nos artigos 3; 21; 40; 43.1 e 3; 45.1, 3.b) e 7; 46; 48.1.c); 50.1; 53.1; 59.1; 62.5; 63.2; 65.1; 66; 69.1 e 5; 71.1; 76.1; 77; 78.2; 79.1 e 2, substitúese a expresión "Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia" por «Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca Gallega – Buey Gallego*».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO

Logotipo da indicación xeográfica protexida *Vaca Gallega - Buey Gallego*

